

GALERÍA DE ARTE

Memorias de África

ESTA TEMPORADA A Fundación Eugenio Granell fainos viaxar ás entrañas do continente africano. O nutrido grupo de esculturas que se expón lévanos, inevitablemente, a pensar en cómo o folclore africano contribuíu a cambia-los derroteiros da arte occidental.

Picasso foi quen alá por 1907 revolucionou o mundo da arte coa incorporación na súa obra "les demoiselles d'Aviyón" de máscaras africanas. A partir deste momento, as manifestacións artísticas do continente negro inspiraron a obra de Brancusi, Modigliani, Giacometti...

Contemplando a exposición podemos entende-lo que este acto puido ser para Picasso. Estas figuras tan simples, esquemáticas, inmediatas e inxenuas, abriron os ollos da necesidade que tiña a plástica tradicional imperante dunha depuración formal para chegar así a explicar a través da arte a esencia do ser.

Esta arte anónima, que agora temo-la oportunidade de contemplar, elaborouse con materiais sacados directamente da natureza: madeiras, moi usada o ébano, cunchas, metais, lianas, traballados en clave xeroglífica, reflecten a maneira de sentir dun continente, un pobo que intúe e comprende a máxima linguaxe da natureza e sabe lela con maior inocencia ca nós.

Presentamos unha oculta unidade sagrada, un instinto primario destes homes respecto do amencer do mundo, e é que, os énigmas dos comezos parecen se-la raíz desta arte. A veneración á natureza, a ansia de interpreta-la linguaxe múltiple da vida. Dicía Goethe "para asombrarme estou aquí" e verdadeiramente aquí, neste contorno abraiámonos destas pezas que xulgamos un pouco triviais e fútiles das formas da antiga devoción que estas xentes traduciron de maneira inofensiva e pueril.

Fátima Otero